



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO NÚM. 2 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 9 DE FEBREIRO DE 2022

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita)

D^a María Sambade Lloréns (Non adscrita)

D^a Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Non asisten pero xustifican a súa ausencia D^a María Lago Lestón (BNG) e D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito).

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Primeiro. Aprobación da solicitude de participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2022 e do POS ADICIONAL 1 2022 da Deputación Provincial da Coruña

Intervén a alcaldesa que explica a proposta que vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que é do seguinte teor literal:

“Vista a bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2022 aprobado polo pleno da Deputación da Coruña na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e seis de novembro de dous mil vinte e un, publicado no BOP núm. 228 de 30 de novembro de 2021.

Vistos os proxectos de obras que o Concello de Muros ten previsto presentar á Deputación da Coruña para o seu financiamento en base a esta plan, os informes técnicos que obran no expediente e as solicitudes de autorizacións das obras, así como os informes relativos a solicitude de Gasto Corrente e de Redución de débeda con entidades financeiras.

Visto os informes de Intervención e do departamento de Servizos Sociais do Concello de Muros en relación ao financiamento con cargo sociais extraordinarios para a solicitude de axuda do POS+ADICIONAL 1/2022.

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) *Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:*

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	104.207,08 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	104.207,08 €

B) *Financiamento de investimentos:*

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
MELLORA DE CAMIÑOS EN BAÑO	97.000,75 €	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €	100.000,75 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	97.000,75 €	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €	100.000,75 €



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ACHEGA PROVINCIAL 2021 <i>(Investimentos financeiramente sostibles)</i>	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
MELLORA DA ESTRADA EN GALLAMBAU	211.145,49 €	7.444,89 €	0,00 €	7.444,89 €	218.590,38 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	211.145,49 €	7.444,89 €	0,00 €	7.444,89 €	218.590,38 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL2022 aplicado á redución dadébeda
ABANCA	15.090,59 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	15.090,59 €

Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Concello				Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	104.207,08 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	104.207,08 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	97.000,75 €	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €	100.000,75 €
	Achega 2021	211.145,49 €	7.444,89 €	0,00 €	7.444,89 €	218.590,38 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	15.090,59 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	15.090,59 €
	Achega 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

	Achega 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Préstamo 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	427.443,91 €	10.444,89 €	0,00 €	10.444,89 €	437.888,80 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Acondicionamento da Rúa Freixeiros	72.346,71 €	0,00 €	72.346,71 €
Mellora do pavimento da estrada de Acceso a Bademado	72.901,83 €	0,00 €	72.901,83 €
Mellora de Camiños en Abelleira, Tal e Louro	114.152,85 €	0,00 €	114.152,85 €
Mellora da Avda. Porteliña e Rúa Fornos	102.570,16 €	0,00 €	102.570,16 €
TOTAIS	361.971,55 €	0,00 €	361.971,55 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse, o Concello, a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

SEGUNDO:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	70.422,74 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	70.422,74 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	57.422,74 €	0,00 €	57.422,74 €



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	8.000,00 €	0,00 €	8.000,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	70.422,74 €	0,00 €	70.422,74 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	70.422,74 €	0,00 €	70.422,74 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A señora alcaldesa di que as obras recollen un pouco as distintas demandas que foron saíndo ao longo do ano e na necesidade destas obras, mais é certo que hai obras máis necesarias e o financiamento do gasto corrente ten a súa xustificación no incremento da factura da luz e para cubrir as numerosas baixas provocadas pola situación e dá paso ás intervencións.

A Sra. González afirma que están nun dos plenos máis importantes do Concello, e di que a contía do POS+ non lles parece suficiente xa que hai moitas obras que facer e confía que nos remanentes a Deputación



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

financie as obras complementarias. Di que non lles gusta este POS xa que lles gustaría que se financiaran obras en todas as parroquias. Sinala que a partida de gasto corrente debería destinarse a outra obra coma a mellora da rúa da Porteliña e da rúa Fornos, e indica que van condicionar o voto á que haxa esta modificación. Con respecto á mellora dos caminos de Baño di que é una obra moi necesaria, e en relación á estrada de Gallambau non lles parece mal porque hai dous establecementos destinados ao turismo e á hostalaría pero non lles gusta que sexa a obra que máis presuposto ten, xa que tamén é o camiño que leva á casa dunha concelleira.

A Sra. Martínez afirma que lle parece increíble que non se faga un diálogo co resto das forzas políticas para realizar o proxecto do POS polo que vai votar en contra.

A Sra. Alfonso sinala que non se lles deu oportunidade de opinar sobre as obras, di que a primeira noticia que tiveron sobre elas, foi cando lles chegou a convocatoria das comisión informativas e vindo dalguén que se fartou de falar de diálogo e acordos.

A Sra. Sambade di que na mesma liña, que traian estas obras sen pedir proposta e colaboración parécelle unha falta de calidade democrática. E con respecto á proposta de modificación da voceira socialista está totalmente de acordo.

A señora alcaldesa di que foron demandas que se produciron ao longo dos plenos e o importe do gasto corrente cre que está moi xustificado debido ao incremento do prezo da luz. Todos os concellos da contorna están dedicando a metade do POS a gasto corrente, xa que están na mesma situación. E di que todas as obras tocan en todas as parroquias, gustaríalles chegar a máis, pero as cantidades cada ano son menores. E en canto á que a obra de Miraflores toca a un establecemento que é dunha das concelleira, afirma que si, pero como todos os concelleiros viven neste concello seguramente nalgún momento halles tocar unha obra na porta da súa casa. Con respecto ao voto en contra da Sra. Martínez non cre que teña que ver co cambio xeracional. E di que os concelleiros non adscritos non compareceron na comisión informativa polo que non puideron opinar. Sinala que se a modificación vai supor que voten a favor do proxecto, que non teñen problema en cambialo, e dá paso as segundas intervencións.

A Sra. González di que son conscientes da subida da luz e coa devolución de Facenda poden solucionar a falta de liquidez do concello, e volve a repetir que este plan é para facer obras, polo que a inclusión da obra que dixeron suporía o voto a favor.

A Sra. Martínez sinala que lle encantaría que todos votaran a favor do POS pero ten que haber diálogo e non pode escusarse en que as obras foron demandadas para xustificar que trae una proposta unilateral, indica que xa dixo na comisión informativa que lle parecía de pouco decoro non contar cos demais grupos, e di que ante a falta de diálogo, por moi necesarias que sexan as obras, vai votar en contra.

A Sra. Alfonso sinala que o POS recolle as obras demandadas nos distintos plenos, e máis razón para consensuar cales van e cales non van, di que fala de responsabilidade, cando non houbo diálogo, indica que tamén lle parece ben a proposta do grupo socialista.

A Sra. Sambade di que lle sorprende que non se acordara o POS.

A señora alcaldesa afirma que asume a modificación e que van ter que acudir a un recoñecemento extraxudicial para pagar a luz.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), coa abstención das concelleiras non adscritas (2) e co voto en contra da concelleira grupo municipal do BNG, D^a Martínez Romani (1), adopta o seguinte:

PRIMEIRO. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “Achega provincial 2022”, “Achega provincial 2021” e “Préstamo provincial 2022”:

A. Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	0,00 €

B. Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Acheга municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
Mellora de Camiños en Baño	99.337,67 €	663,08 €	0,00 €	663,08 €	100.000,75 €
Mellora da Avda. Porteliña e Rúa Fornos	101.870,16 €	700,00 €	0,00 €	700,00 €	102.570,16 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	201.207,83 €	1.363,08 €	0,00 €	1.363,08 €	202.570,91 €

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Acheга municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
Mellora da estrada de Gallambau	211.145,49 €	7.444,89 €	0,00 €	7.444,89 €	218.590,38 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	211.145,49 €	7.444,89 €	0,00 €	7.444,89 €	218.590,38 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
ABANCA	15.090,59 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	15.090,59 €

Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	201.207,83 €	1.363,08 €	0,00 €	1.363,08 €	202.570,91 €
	Achega 2021	211.145,49 €	7.444,89 €	0,00 €	7.444,89 €	218.590,38 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	15.090,59 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	15.090,59 €
	Achega 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Préstamo 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	427.443,91 €	8.807,97 €	0,00 €	8.807,97 €	436.251,88 €

SEGUNDO. Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais estan columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento) (C = A - B)
Acondicionamento da Rúa Freixeiros	72.346,71€	0,00 €	72.346,71€
Mellora do pavimento da estrada de Acceso a Badernado	72.901,83 €	0,00 €	72.901,83 €
Mellora de Camiños en Abelleira, Tal e Louro	114.152,85 €	0,00 €	114.152,85 €
TOTAIS	259.401,39 €	0,00 €	259.401,39 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse, o Concello, a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

SEGUNDO:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	70.422,74 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	70.422,74 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	57.422,74 €	0,00 €	57.422,74 €



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	8.000,00 €	0,00 €	8.000,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	70.422,74 €	0,00 €	70.422,74 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	70.422,74 €	0,00 €	70.422,74 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Segundo. Aprobación do proxecto “Modificado 2 do proxecto e Ampliación sup. Vestuarios, accesos e evacuación das instalacións do campo de Fútbol “Eleuterio Balayo”, incluída no POS+2018 da Deputación da Coruña

Intervén a alcaldesa que explica a proposta de ditame e di que xa se trouxo varias veces ao Pleno por requirimentos da Deputación da Coruña. A proposta é do seguinte teor literal:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

“Vista a solicitude de subvención a Deputación da Coruña do día 20 de decembro de 2017 de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, para a execución da obra “Ampliación sup. vestiarios, accesos e evacuación das instalacións campo de fútbol Eleuterio Balayo” aprobada polo Pleno da corporación o día 19 de decembro de 2017.

Visto que na sesión da Xunta de Goberno Local do 23 de agosto 2019 se aprobou a licitación da citada obra, declarando a mesma deserta na sesión da Xunta de Goberno Local do día 11 de outubro de 2019 por non presentarse a mesma ningún licitador.

Visto que por Resolución da Alcaldía do 22 de novembro de 2019 volveu a declararse deserta a licitación por non presentarse ningún licitador,

Visto o acordo do Pleno do Concello de Muros da sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2019 onde se aprobou o proxecto modificado da obra “Ampliación sup. vestiarios accesos e evacuación das instalacións do campo de fútbol Eleuterio Balayo” incluída no POS 2018 da Deputación da Coruña.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de novembro de 2020 onde se aprobou a adxudicación da obra “Ampliación sup. vestiarios, accesos e evacuación do campo de fútbol Eleuterio Balayo”.

Visto o escrito da dirección da obra da necesidade de modificar o proxecto e visto o escrito da Deputación da Coruña onde establece que a modificación solicitada é substancial, polo que se entende que estamos ante un novo proxecto .

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de setembro de 2021 de Resolución do contrato da citada obra.

Visto o punto 8 das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2018 aprobadas polo pleno da Deputación da Coruña do 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP núm. 188 de 3 de outubro de 2017, que permite a posibilidade de modificar os proxecto de obra dos investimentos financiados.

Visto o proxecto Modificado 2 do proxecto de “Ampliación de sup. vestiarios accesos e evacuación das instalacións do campo de Fútbol Eleuterio Balayo”, sendo esta adecuada as bases do POS+2018.

Visto que de acordo coas bases do POS+2018 o órgano competente para aprobación da modificación do referido proxecto é o Pleno da corporación municipal.

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a actuación “Modificado 2 do proxecto de ampliación de sup. vestiarios accesos e evacuación das instalacións do campo de Fútbol Eleuterio Balayo”, redactado por D. Mario Carril Vázquez,



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

do 1 de febreiro de 2022, cun orzamento de execución de 59.998,50 €, IVE incluído, de acordo coa seguinte financiación:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación da sup. vestiarios campo de fútbol Eleuterio Balayo	44.998,50	15.000,00	59.998,50

SEGUNDO. Solicitar á Deputación da Coruña a aprobación da modificación do proxecto de obra denominado “Ampliación da sup. Vestiarios, accesos e evacuación das instalacións campo de fútbol Eleuterio Balayo”

TERCEIRO. Solicitar á Deputación da Coruña a autorización para proceder a licitación da obra “Ampliación da sup. vestiarios campo de fútbol Eleuterio Balayo” financiada en parte, con cargo ao POS+2018.”

A Sra. González di que esperan que por fin se licite esta obra xa dunha vez e pide que nas obras que se acaban de aprobar que o grupo de goberno sexa áxil coa súa licitación.

A Sra. Martínez di que o BNG xa avisou cando se trouxo a primeira modificación e o tempo acaboulles dando a razón, xa no pleno do 18 de novembro de 2019 a compañeira María Lago pedría que se modificara o proxecto ben e non que se borrara só unha parte, e finalmente fíxose unha chamonada, pois houbo que modificar o proxecto e isto vai traer atrasos nas outras obras do Eleuterio.

A Sra. Alfonso di que non ten nada que comentar.

A Sra. Sambade sinala que se perdeu e que non sabe canto tempo se leva dándolle voltas a esta obra e canto antes se faga mellor.

A señora alcaldesa di que efectivamente foi unha obra que foi unha chamonada e di que o procedemento require que se fagan determinados pasos que se fixeron para poder chegar a este punto, sinala que o traen con toda a axilidade, e di que se fixeron todas as que estaban sen executar dende o ano 2017 e que son os primeiros interesados en sacar as cousas a diante, e dá paso ás segundas intervencións.

A Sra. González di que van a votar a favor.

A Sra. Martínez non intervén.

A Sra. Alfonso di que é unha chamonada e que é curioso que un goberno tan eficiente coma esta non o solucionase en tres anos, e se o proxecto tiña problemas, as modificacións do actual grupo de goberno tamén tiñan problemas.

A señora alcaldesa contesta que necesitaban a autorización do director do proxecto para modificalo e por algunha razón que se lles escapa demorou todo o posible estas cuestións, pero o importante é que se vai a facer.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4) e das concelleiras non adscritas (2) e coa abstención da concelleira grupo municipal do BNG, D^a Martínez Romaní (1), adopta por unanimidade o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a actuación “Modificado 2 do proxecto de ampliación de sup. vestiarios accesos e evacuación das instalacións do campo de Fútbol Eleuterio Balayo”, redactado por D. Mario Carril Vázquez, do 1 de febreiro de 2022, cun orzamento de execución de 59.998,50 €, IVE incluído, de acordo coa seguinte financiación:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación da sup. vestiarios campo de fútbol Eleuterio Balayo	44.998,50 €	15.000,00 €	59.998,50 €

SEGUNDO. Solicitar á Deputación da Coruña a aprobación da modificación do proxecto de obra denominado “Ampliación da sup. Vestiarios, accesos e evacuación das instalacións campo de fútbol Eleuterio Balayo”

TERCEIRO. Solicitar á Deputación da Coruña a autorización para proceder a licitación da obra “Ampliación da sup. vestiarios campo de fútbol Eleuterio Balayo” financiada en parte, con cargo ao POS+2018.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas, e de todo o que eu como secretario dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente